

Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2020 DAS AXUDAS DO IGAPE PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS (GALICIA EXPORTA ORGANISMOS INTERMEDIOS), COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

1. Antecedentes:

Por Resolución do 9 de xaneiro de 2020 (DOG nº 19, do 29 de xaneiro), publicáronse as bases reguladoras das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 e procedeuse á súa convocatoria, por trámite anticipado de gasto, en réxime de concorrencia competitiva.

Esta liña de axudas está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e, en particular:

Obxectivo temático 03: mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do Feader) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP).

Prioridade de investimento 03.04: apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais e nos procesos de innovación.

Obxectivo específico 03.04.03: promover a internacionalización das pemes.

Actuación CPSO 03.04.03.01: apoio á promoción da cultura da internacionalización, apoio ao incremento da presenza nos mercados exteriores, establecemento dunha estratexia de posicionamento internacional de Galicia aliñada coa Estratexia Horizonte 2020 da UE.

Campo de intervención: 066: servizos de axuda avanzados para pemes e grupos de pemes.

Liña de actuación 15: promoción da cultura de internacionalización, presenza nos mercados exteriores, estratexia de posicionamento internacional de Galicia, aliñación coa axenda estratéxica Horizonte 2020 da UE.

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e o Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda supón a aceptación do beneficiario a ser incluído na lista pública de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Así mesmo, o beneficiario deberá cumprir os requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no Anexo XII, apartado 2.2 do devandito Regulamento (UE) nº 1303/2013.

Para a avaliación das 35 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de selección e avaliación de proxectos establecidos no artigo 6.2 das bases reguladoras da axuda:

- Representatividade do organismos intermedio: nº total de empresas asociadas ou representadas polo organismo intermedio solicitante da axuda na data de solicitude da axuda. Superior a 30 empresas: 25 puntos. Entre 20 e 30 empresas: 10 puntos. Entre 10 e 19 empresas: 5 puntos. Menos de 10 empresas: 0 puntos.
- Concreción sectorial do solicitante: organismo intermedio sectorial (cluster, consello regulador, centro tecnolóxico ou asociación representativa dun sector ou varios sectores relacionados entre si): 25 puntos.
- Estudio previo- feito ou encargado polo organismo intermedio- de empresas pertencentes a este en relación coa súa internacionalización: 20 puntos (no caso de telo elaborado no ano 2019 ou posterior).
- Novos solicitantes: recibirán 15 puntos os organismos que non obtivesen resolución aprobatoria da solicitude de anteriores convocatorias destas bases.
- Aproveitamento de axudas á internacionalización anteriores: informe de resultado de subvencións anteriores do Igape recibidas polo organismo para o mesmo fin de internacionalización das empresas asociadas ao organismo intermedio: 15 puntos no caso de cubrir este informe no formulario electrónico de solicitude e que se acadasen resultados positivos.



Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos dos 35 proxectos presentados dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación dos anteriores criterios de avaliación, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Internacionalización do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de AXUDAS PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS (GALICIA EXPORTA ORGANISMOS INTERMEDIOS), COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, con data 01/12/2020.

2. Resolvo:

Primeiro. Aprobar a concesión das subvencións aos 21 beneficiarios que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de 1.382.032,57 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

Segundo. Denegar as 9 solicitudes presentadas polos interesados que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

Terceiro. Arquivar sen máis trámite as 5 solicitudes relacionadas no anexo III polas causas sinaladas no mesmo.

Cuarto. Aprobar as condicións particulares para cada beneficiario derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos,

Quinto. Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo www.tramita.igape.es (apartado "Consulta de resolucións definitivas" <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 11.4 das bases reguladoras.

Habílitase un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á Oficina virtual do Igape no citado enderezo www.tramita.igape.es, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descarguen a súa resolución individual.

3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
O director xeral do Igape	Fernando Guldrís Iglesias	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina



ANEXO I

Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2020 DAS AXUDAS DO IGAPE PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS (GALICIA EXPORTA ORGANISMOS INTERMEDIOS), COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG208.2020.1.2	ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA (ASIME) (G36614774)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector METALMECÁNICO do OOII ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA (ASIME) no ano 2021	85,00	19/09/2021	19/10/2021	500.000,00	80,00	400.000,00
IG208.2020.1.6	ASOCIACION CLUSTER DEL NAVAL GALLEGO (G15710338)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Naval do OOII ASOCIACION CLUSTER DEL NAVAL GALLEGO no ano 2021	85,00	30/09/2021	30/10/2021	213.171,84	80,00	170.537,47
IG208.2020.1.8	CLUSTER DO AUDIOVISUAL GALEGO (G15891260)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Audiovisual do OOII CLUSTER DO AUDIOVISUAL GALEGO no ano 2021	85,00	30/06/2021	30/07/2021	187.296,62	80,00	149.837,30
IG208.2020.1.13	ASOCIACION DE EMPRESAS DE TECNOLOGIA DE GALICIA	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector TIC do OOII ASOCIACION DE	85,00	05/11/2020	05/12/2020	21.169,60	80,00	16.935,68



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
	(G36969525)	EMPRESAS DE TECNOLOGIA DE GALICIA no ano 2019/2020						
IG208.2020.1.15	ANFACO (G36625309)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Agroalimentario do OOI ANFACO no ano 2021	85,00	30/06/2021	30/07/2021	42.225,00	80,00	33.780,00
IG208.2020.1.27	FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE TELECOMUNICACIÓNS DE GALICIA (G36997229)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Investigación e Tecnoloxía do OOI FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE TELECOMUNICACIÓNS DE GALICIA no ano 2021	85,00	11/06/2021	11/07/2021	97.415,60	80,00	77.932,48
IG208.2020.1.28	ASOCIACIÓN CLUSTER DA MADEIRA DE GALICIA (G32290439)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Madeira do OOI ASOCIACIÓN CLUSTER DA MADEIRA DE GALICIA no ano 2021	85,00	30/06/2021	30/07/2021	9.100,40	80,00	7.280,32
IG208.2020.1.29	ASOCIACION CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA (G27407212)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Agroalimentario do OOI ASOCIACION CLUSTER ALIMENTARIO DE GALICIA no ano 2021	85,00	30/11/2021	30/12/2021	146.379,20	80,00	117.103,36
IG208.2020.1.7	ASOCIACION GALEGA DE ARIDOS (G36345718)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Pedra natural do OOI	65,00	31/05/2021	30/06/2021	12.247,20	80,00	9.797,76



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
		ASOCIACION GALEGA DE ARIDOS no ano 2021						
IG208.2020.1.10	CLUSTER TIC GALICIA (G70157581)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector TIC do OOII CLUSTER TIC GALICIA no ano 2021	65,00	30/06/2021	30/07/2021	39.220,00	80,00	31.376,00
IG208.2020.1.16	CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLOXICA DE GALICIA, (V27218643)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Agroalimentario do OOII CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLOXICA DE GALICIA, no ano 2021	65,00	20/02/2021	20/03/2021	1.473,40	80,00	1.178,72
IG208.2020.1.17	ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA (G94194594)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Loxística do OOII ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA no ano 2021	65,00	10/06/2021	10/07/2021	114.540,20	80,00	91.632,16
IG208.2020.1.30	FUNDACIÓN CTAG (CENTRO TECNOLÓXICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA) (G36871424)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Automoción do OOII FUNDACIÓN CTAG (CENTRO TECNOLÓXICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA) no ano 2021	65,00	10/06/2021	10/07/2021	87.779,75	80,00	70.223,80
IG208.2020.1.33	ASOCIACIÓN CLUSTER DEL GRANITO (G36644961)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Pedra natural do OOII	65,00	26/11/2021	26/12/2021	79.322,00	80,00	63.457,60



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
		ASOCIACIÓN CLUSTER DEL GRANITO no ano 2021						
IG208.2020.1.34	CLUSTER SAÚDE DE GALICIA CSG (G70308143)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Saúde do OOI CLUSTER SAÚDE DE GALICIA CSG no ano 2021	65,00	01/07/2021	01/08/2021	60.135,00	80,00	48.108,00
IG208.2020.1.4	ASOCIACIÓN CULTIVOS BAIXO MIÑO, ACUBAM (G94078961)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Agroalimentario do OOI ASOCIACIÓN CULTIVOS BAIXO MIÑO, ACUBAM no ano 2021	50,00	31/01/2021	28/02/2021	10.632,50	80,00	8.506,00
IG208.2020.1.18	FUNDACION INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA (G15305923)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Investigación e Tecnoloxía do OOI FUNDACION INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA no ano 2021	50,00	11/06/2021	11/07/2021	21.773,00	80,00	17.418,40
IG208.2020.1.24	ASOCIACIÓN DE CLUBES NÁUTICOS DE GALICIA (G15916547)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Naval do OOI ASOCIACIÓN DE CLUBES NÁUTICOS DE GALICIA no ano 2021	50,00	30/06/2021	30/07/2021	38.424,20	80,00	30.739,36
IG208.2020.1.25	Asociación Ría de Vigo de Entidades Náuticas - ARIVEN (G27870443)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Naval do OOI Asociación Ría de Vigo de Entidades Náuticas -	50,00	31/01/2021	28/02/2021	11.108,00	80,00	8.886,40



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
		ARIVEN no ano 2021						
IG208.2020.1.32	FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE EFICIENCIA E SOSTENIBILIDADE ENERXÉTICA (G27719913)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Investigación e Tecnoloxía do OOII FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE EFICIENCIA E SOSTENIBILIDADE ENERXÉTICA no ano 2021	45,00	25/09/2021	25/10/2021	4.947,20	80,00	3.957,76
IG208.2020.1.11	REDE GALEGA DE EMPRESAS (G15803760)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Multisectorial do OOII REDE GALEGA DE EMPRESAS no ano 2021	40,00	30/06/2021	30/07/2021	29.180,00	80,00	23.344,00

TOTAL:

1.382.032,57

ANEXO II

Axudas denegadas

CONVOCATORIA 2020 DAS AXUDAS DO IGAPE PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS (GALICIA EXPORTA ORGANISMOS INTERMEDIOS), COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG208.2020.1.3	RABIN AIR, S.L. (B70223938)		Incumprimento do artigo 4.1 das bases reguladoras, que establece que poderán ser beneficiarios destas axudas os organismos intermedios empresariais de Galicia. A solicitante non é un organismo intermedio empresarial.
IG208.2020.1.9	CCA COMPOSTELA MONUMENTAL (G15382468)		Incumprimento do artigo 1.1.e) das bases reguladoras das axudas que establece que os proxectos obxecto de apoio teñen como finalidade incentivar a posta en marcha de plans de internacionalización mediante a realización de accións de promoción no exterior de modo conxunto. Sendo subvencionable a elaboración de material promocional conxunto como catálogos, contidos audiovisuais, folletos e similares, en calquera soporte, e que contribúan á divulgación e coñecemento no estranxeiro, sempre que se realice para un sector empresarial galego ou para varias empresas galegas do mesmo sector ou sectores complementarios con similares intereses en determinados mercados. A acción para a que se solicita subvención consiste na edición dunha guía turístico comercial do Centro Comercial Aberto Compostela Monumental e bolsas comerciais promocionais, non tratándose dunha acción de promoción no exterior nin realizándose por un sector empresarial galego ou varias empresas do mesmo sector ou sectores complementarios.



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG208.2020.1.12	ENTRE NOS - EMPRESAS GALEGAS (G70518725)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Multisectorial do OOII ENTRE NOS - EMPRESAS GALEGAS no ano 2021	Incumprimento do artigo 4.3 das bases reguladoras das axudas. Consta certificado negativo da AEAT xa que o solicitante ten débedas pendentes con este organismo.
IG208.2020.1.14	ASOCIACION DE ADEGUEIROS E TRANSFORMADORES DO MIÑO (G27292051)	Realización de actuacións de fomento da internacionalización no sector Agroalimentario do OOII ASOCIACION DE ADEGUEIROS E TRANSFORMADORES DO MIÑO no ano 2021	Incumprimento do artigo 4.3 das bases reguladoras das axudas. Consta certificado negativo da AEAT xa que o solicitante ten débedas pendentes con este organismo.
IG208.2020.1.20	INDAGRES, S.R.L. (B32488207)		Incumprimento do artigo 4.1 das bases reguladoras, que establece que poderán ser beneficiarios destas axudas os organismos intermedios empresariais de Galicia. A solicitante non é un organismo intermedio empresarial.
IG208.2020.1.21	HIFAS DA TERRA, S.L. (B36409290)		Incumprimento do artigo 4.1 das bases reguladoras, que establece que poderán ser beneficiarios destas axudas os organismos intermedios empresariais de Galicia. A solicitante non é un organismo intermedio empresarial.
IG208.2020.1.22	ASOCIACION CELANOVA CHEA (G32491292)		<p>Incumprimento dos apartados d) e e) do artigo 1 das bases nos que se establece que para ser subvencionables, as accións deses tipos deben corresponder a un sector empresarial galego ou a varias empresas do mesmo sector ou de sectores complementarios con similares intereses en determinados mercados e neste caso as accións son solicitadas para un organismo multisectorial con empresas de distintos sectores sen relación entre eles.</p> <p>Incoherencia entre a solicitude de accións do tipo indicado no artigo 1.b) das bases e a obtención de resultados no mercado obxectivo indicado polo solicitante no apartado 5 do formulario de solicitude.</p> <p>Falta de capacidade económica financeira do solicitante para facer fronte ao</p>



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
			importe do proxecto solicitado.
IG208.2020.1.23	ASOC. DE COMERCIANTES E INDUSTRIALES DE TUI (G36272003)		<p>Incumprimento dos apartados d) e e) do artigo 1 das bases nos que se establece que para ser subvencionables, as accións deses tipos deben corresponder a un sector empresarial galego ou a varias empresas do mesmo sector ou de sectores complementarios con similares intereses en determinados mercados e neste caso as accións son solicitadas para un organismo multisectorial con empresas de distintos sectores sen relación entre eles.</p> <p>Incoherencia entre a solicitude de accións do tipo indicado no artigo 1.b) das bases e a obtención de resultados no mercado obxectivo indicado polo solicitante no apartado 5 do formulario de solicitude.</p> <p>Falta de capacidade económica financeira do solicitante para facer fronte ao importe do proxecto solicitado.</p>
IG208.2020.1.35	ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE O COUTO (G32380065)		<p>Incumprimento dos apartados d) e e) do artigo 1 das bases nos que se establece que para ser subvencionables, as accións deses tipos deben corresponder a un sector empresarial galego ou a varias empresas do mesmo sector ou de sectores complementarios con similares intereses en determinados mercados e neste caso as accións son solicitadas para un organismo multisectorial con empresas de distintos sectores sen relación entre eles.</p> <p>Incoherencia entre a solicitude de accións do tipo indicado no artigo 1.b) das bases e a obtención de resultados no mercado obxectivo indicado polo solicitante no apartado 5 do formulario de solicitude.</p> <p>Falta de capacidade económica financeira do solicitante para facer fronte ao importe do proxecto solicitado.</p>



ANEXO III

Solicitudes archivadas

CONVOCATORIA 2020 DAS AXUDAS DO IGAPE PARA A EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN EXTERIOR CONXUNTA DAS EMPRESAS GALEGAS (GALICIA EXPORTA ORGANISMOS INTERMEDIOS), COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de arquivo
IG208.2020.1.1	CRDO VALDEORRAS (Q8255004G)		ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG208.2020.1.5	ASVINOR (G70445739)		ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG208.2020.1.19	AGMMA (ASOCIACION GALLEGA DE MOLDISTAS, MATRICEROS Y AFINES) (G36912962)		ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG208.2020.1.26	ASOCIACIÓN OLEIRA DE BUÑO (G15635980)		ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG208.2020.1.31	ASOC. GALLEGA DE EMPRESAS DE INGENIERÍA, CONSULTORÍA Y SERVICIOS TECNOLÓXICOS (G36942720)		ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN